

O CAMPESIÑO E A FORTUNA

Era pleno verán e ía moita calor, e debaixo dunha árbore descansaba tranquilamente un mozo que traballaba como campesiño.

Miraba ao seu arredor e agradecía como a terra o premiara pois recollera todo o que co seu esforzo sementara.

Vía fermosas cabazas esparexidas polo chan, e grandes melóns e sandías perfumaban o campo.

Dicíase a si mesmo: Por que será que en vez de producir noces esta árbore que me da sombra non produce cabazas, melóns ou sandías?

E cando neses pensamentos se perdía, caeulle unha dura noz que lle deu xusto no nariz, e entón, o campesiño reflexionou: Ben sabia é a natureza, pois se unha enorme cabaza me caera encima, non estaría eu agora vivo!

Ben sabia é a natureza que soubo poñer cada cousa no seu lugar.

Félix María de Samaniego

Contesta as seguintes preguntas:

1. O texto que acabamos de ler é...

- a) Unha noticia b) Un conto c) Unha lenda d) Unha fábula

Porque remata cunha...

2. Por que estaba agradecido o campesiño?

- a) Porque lle tocou a lotería.
- b) Porque comera moitas noces.
- c) Porque conseguiu recoller todo o que sementara.
- d) Porque estaba durmindo á sombra dunha árbore.

3. De quen se sentía agradecido o campesiño?

- a) Da terra.
- b) Das cabazas.
- c) Das noces.
- d) Dos melóns.

4. Que alimentos sementara o campesiño?

- a) Patacas e pementos.
- b) Cabazas.
- c) Cabazas, sandías e melóns.
- d) Sandías e melóns.

5. Por que quixo por un momento o campesiño que as cabazas, sandías e melóns nacesen das árbores ao igual que as noces?

- a) Porque estarían máis ricas.
- b) Porque así non levaría tanto traballo sementando.
- c) Para que estivesen no alto.
- d) Porque serían máis pequenas.

6. Por que di o campesiño que a natureza é sabia?

- a) Porque estudou moito.
- b) Porque se fose unha cabaza a que lle caera no nariz ía facerlle moito dano.